

abril, reguladora das bases de réxime local, o concello deberá publicar no BOP a normativa e ordenanzas da modificación aprobada definitivamente.

Cuarto-Notifíquese esta orde ao concello e publíquese no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2010.

Agustín Hernández Fernández de Rojas  
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio  
e Infraestruturas

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Corrección de erros.-Orde do 30 de outubro de 2009 pola que se autoriza o cambio de titularidade do centro privado Nebrija, do concello da Coruña.*

Advertido erro na publicación da orde citada, publicada no DOG nº 231, do 25 de novembro de 2009, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 18.227, no parágrafo terceiro da parte expositiva e na disposición primeira, onde di: «... Nebrija Torre de Hércules, S.L., ...»; debe dicir: «... Nebrija Torre de Hércules, S.L.L., ...».

*Corrección de erros.-Resolución do 10 de decembro de 2009, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncia a concesión de axudas para proxectos de fomento do uso do galego dos centros de ensino privados de Galicia, que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2009-2010 (ED101A).*

Advertido erro na citada resolución, publicada no DOG nº 5, do 11 de xaneiro de 2010, cómpre facer a seguinte corrección:

Punto 6, parágrafo primeiro, onde di: «Na solicitude figurará o nome do centro e o nome da persoa física ou xurídica titular co CIF/NIF correspondente», debe dicir: «Na solicitude figurará o nome do centro e o nome da persoa física ou xurídica titular co CIF/NIF correspondente ou, se for o caso, as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica que sexa titular destes centros».

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Resolución do 14 de xaneiro de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 28 de xullo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a pemes, para o impulso de actuacións en materia de responsabilidade social empresarial (RSE), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o exercicio 2009.*

De conformidade co disposto no artigo 15º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 11º.5 da Orde do 28 de xullo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a pemes, para o impulso de actuacións en materia de responsabilidade social empresarial (RSE), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o exercicio 2009, procédese á publicación das subvencións concedidas que se indican no anexo a esta resolución.

Finalidade da subvención: as axudas teñen por obxecto a concesión de subvencións ás pemes para a realización de actuacións dirixidas ao fomento, difusión e sensibilización no ámbito da responsabilidade social empresarial, así como para a incorporación de plans e medidas que promovan a estabilidade no emprego e a reinserción laboral, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Norma reguladora: Orde do 28 de xullo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a pemes, para o impulso de actuacións en materia de responsabilidade social empresarial (RSE), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o exercicio 2009 (*Diario Oficial de Galicia* número 153, do 6 de agosto de 2009).

Aplicación orzamentaria: 48.03.324A 474.0.

Crédito orzamentario: 328.535,00 €. Estas axudas están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 80%, a través do Programa operativo do FSE de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2010.

Odilo Martiñá Rodríguez  
Director xeral de Relacións Laborais